



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Recursos Humanos

Anuncio bases convocatoria concurso oposición 12 prazas de bombeiro condutor

ANUNCIO

O día 24/11/2020 por resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi apróbanse as bases específicas que rexerán a convocatoria para a provisión polo sistema de concurso oposición de 12 prazas de bombeiro condutor (2 prazas de proceso ordinario e 10 prazas correspondentes á taxa adicional para estabilización de emprego temporal) e que son as seguintes:

“BASES CONVOCATORIA CONCURSO OPOSICIÓN 12 PRAZAS DE BOMBEIRO CONDUTOR

PRIMEIRA. Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a provisión, mediante o sistema de concurso oposición, de doce prazas da Escala de Administración Especial, Subescala Auxiliar, especialidade BOMBEIRO CONDUTOR, Grupo C, Subgrupo C2 dentro do marco xeral de execución da Oferta de Emprego Público do 2019 (2 prazas de proceso ordinario e 10 prazas correspondentes á taxa adicional para estabilización de emprego temporal) coas seguinte funcións:

- As xerais que figuran na lexislación do servizos.
- Extinción de incendios forestais, urbanos, rurais e industriais.
- Excarcelación (liberación) en accidentes de tráfico, ferroviarios e aéreos.
- Rescates acuáticos.
- Rescates verticais e evacuacións.
- Urxencias con mercadorías perigosas.
- Retirada de elementos perigosos.
- Procura de vítimas de catástrofes.
- Urxencias menores (recate de animais, asistencia técnica en tubaxes principais ...)

Os/as funcionarios/as estarán obrigados a manter en forma continua as súas condicións de aptitude física e profesional mediante a asistencia a cursos de formación física, teórica e práctica, así como asistir aos cursos de perfeccionamento profesional considerados necesarios pola xefatura do servizo.

SEGUNDA.- Normativa de aplicación

Será de aplicación a estes procesos o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público; pola Lei 30/1984, do 2 de agosto, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xuño; pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril; polo Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios da Administración local, e supletoriamente polo Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aprobou o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado; polo Decreto 95/1991, do 23 de marzo, da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, polo que se aprobou o Regulamento de selección de persoal; o Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e á provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade e a Lei 40/2015, de 12 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e demais disposicións que sexan de aplicación.

TERCEIRA.- Requisitos dos aspirantes

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os requisitos de participación establecidos nestas Bases na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante todo o proceso selectivo.

a) Posuír nacionalidade española ou a de calquera outro estado membro de Unión Europea, ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxuxe do/as españois e do/as nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que nos estean separados de dereito e os seus descendentes e os do/a seu/súa cónxuxe sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias das prazas convocadas.

d) Estar en posesión do título de graduado/a en ESO ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación.

e) Estar en posesión de carné conducir B, C, B+E, C+E e D

f) Ter superado o curso teórico avanzado RPA e curso práctico de voo multirrotor (habilitación para DJI PHANTOM 4 PRO)

g) Estar en posesión do título de Patrón de Embarcacións de Recreo (PER), Patrón de late, Capitán de late ou equivalentes conforme o Real Decreto 875/2014, de 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de recreo.

h) Ter superado o curso básico de salvamento – duración mínima 20 horas lectivas - impartido pola Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia (FESSGA) ou organismo equivalente, sobre técnicas de rescate dende embarcación e moto de salvamento.

i) Non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

CUARTA.- Presentación de instancias

As instancias de participación, dirixidas ao señor Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dentro do prazo de 20 días hábiles a partir do seguinte ao que apareza un extracto desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Deberán cumprimentarse no modelo oficial inserido na páxina WEB municipal (<http://www.ferrol.es/archivos/documentos/solicitudes/SolicitudXeral.pdf>), solicitando tomar parte na convocatoria.

As persoas participantes farán constar os seus datos persoais e deberán manifestar, expresamente, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na BASE TERCEIRA na data de remate do prazo de presentación.

As persoas con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas. Os/as aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e acredite a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Achegarase á solicitude:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

- Copia da titulación esixida para o ingreso ou xustificación acreditativa de telo solicitado, e abonadas as taxas correspondentes para a súa expedición, xunto coa certificación académica comprensiva das materias cursadas onde conste, expresamente, que finalizou os estudos conducentes á obtención do título. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá presentar a correspondente homologación.

- Copia do certificado de galego Celga III, aos efectos da exención de realización da proba de galego.

- Relación de méritos alegados acompañada dos xustificantes acreditativos destes sin necesidade de compulsa; bastará a declaración xurada do/a interesado/a sobre a súa autenticidade, sin prexuízo de que, en calquera momento, o tribunal cualificador poda requirir que acredite a súa veracidade.

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido polo/a facultativo/a do Sergas ou similar.

- Xustificante de pago da taxa por dereito de exame ou, no seu caso, certificado do INEM de estar en situación de desemprego.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases da convocatoria.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

QUINTA.- Taxa por dereitos de exame

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 28,82 €, consonte á Ordenanza fiscal núm. 28, reguladora da taxa pola solicitude de participación en probas de selección do persoal.

A carta de pagamento pode obterse ou ben no departamento de Xestión Tributaria do Concello de Ferrol ou telematicamente na páxina web do concello: www.ferrol.gal coa seguinte ruta: (sede electrónica / oficina virtual tributaria/ acceso á oficina virtual tributaria / trámites sen certificado / autoliquidacións / taxas / concepto a liquidar: selección de persoal / subconcepto: grupo C2).

Quedan exonerados do seu pagamento aqueles aspirantes que acrediten, mediante certificado do INEM, estar en situación de desemprego.

As taxas só serán devoltas no caso de que o/a aspirante non sexa admitido/a ao proceso selectivo por causas non imputables a el/ela.

A falta de pagamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

SEXTA.- Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde, ou Concelleira/o Delegado/a, ditará resolución pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Posteriormente a Alcaldía ou Concelleiro/a Delegado/a, se é o caso, aprobará a listaxe definitiva de admitidos e excluídos, xunto coa composición do Tribunal, lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP da Coruña, taboleiro de anuncios do Concello e na páxina WEB municipal.

SÉTIMA.- Tribunal cualificador

A designación dos membros do Tribunal farase na resolución da Alcaldía pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos, que fixará tamén a data e a hora na que deberá constituírse o tribunal e dar comezo as probas selectivas.

O Tribunal cualificador estará composto por un/unha Presidente/a, un/unha Secretario/a e catro vogais. Os seus membros deberán posuír titulación de igual nivel ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas e ser funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo.

Poderá asistir como observador/a do desenvolvemento do proceso selectivo, con voz pero sin voto, un/unha funcionario/a designado conxuntamente pola Xunta de Persoal e polo Comité de Empresa que, preferentemente, posuirá a idoneidade técnica que require o procedemento de selección. Poderá participar en todas as fases do proceso selectivo excepto nas sesións de deliberación, preparación e elaboración do contido dos exercicios e probas, antes da súa realización.

Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 24 da mesma lei.

Non poderán formar parte dos órganos de selección aqueles funcionarios que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que podan presentarse e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en aqueles aspectos non previstos nestas bases, así como para dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

OITAVA.- Comenzo e desenvolvemento das probas

O lugar, data e hora do comenzo das probas fixarase por resolución que se publicará no BOP, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ferrol.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal.

Desde a total conclusión dun exercicio ou proba, ata o comenzo do seguinte, deberá transcorrer un prazo mínimo de 72 horas. Ata a iniciación do exercicio seguinte no poderán transcorrer máis de 45 días naturais.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídas da oposición as que non compareceran, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal.

A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabética e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "S", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 30 de xaneiro de 2020 (DOG núm. 27, do 10 de febreiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 8 de xaneiro de 2020 (DOG núm. 12 do 20 de xaneiro de 2020)

As e os aspirantes terán que presentarse para a realización de cada exercicio provistas/os do orixinal do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea, así como dos medios materiais esixidos para a práctica dos exercicios na convocatoria ou polo tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requirirle aos aspirantes que acrediten a súa identidade.

NOVENA.- Proceso selectivo

9.1.- O proceso selectivo axustarase ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Constará de dúas fases:

- Oposición: 60 puntos

- Concurso: 40 puntos

9.2.- FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición consistirá na realización de 4 exercicios de carácter eliminatorio, ademais dun recoñecemento médico e unha proba de coñecemento de lingua galega - da que quedarán exentas as persoas participantes que acrediten estar en posesión do certificado de galego CELGA 3- que se cualificará como apto/non apto.

Primeiro exercicio.- Proba de coñecementos teóricos

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na realización dun test de 40 preguntas, mais 5 de reserva, con catro respostas alternativas das que só unha será correcta, no tempo de 60 minutos e sobre o contido do programa especificado no ANEXO I.

Cada resposta correcta sumará 0,50 puntos. As respostas incorrectas non restarán. As respostas en branco nin sumarán nin restarán puntos.

Puntuarase cun máximo de 20 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 10 puntos.

Segundo exercicio.- Aptitude física

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Constará de cinco probas de aptitude física, eliminatorias entre si, conforme ao establecido no ANEXO II destas bases.

Cada unha das probas cualificarase de apto ou non apto en función de se superen as marcas mínimas establecidas. Para ser APTO neste exercicio a persoa aspirante deberá superar, como mínimo, 4 das 5 probas. No caso de non superalas considerarase NON APTO neste exercicio e supoñerá a súa exclusión do proceso selectivo.

O mesmo día das probas o aspirante deberá presentar, xunto có se DNI, un certificado médico, en impreso oficial asinado por un colexiado en exercicio, no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións precisas

para realizar as probas físicas. A non presentación deste certificado descualifica á persoa opositora para seguir no proceso selectivo.

Terceiro exercicio.- Recoñecemento de material e/ou ferramentas

Exercicio práctico de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Proba práctica que consistirá nun recoñecemento de material e/ou ferramentas utilizadas habitualmente para os traballos realizados nos sinistros atendidos polos servizos de salvamento e extinción de incendios.

A persoa aspirante terá que recoñecer o material e/ou ferramentas que o tribunal lle indique de entre aquelas que se atopen expostas no lugar habilitado para a proba. Para que as repostas sexan consideradas válidas aceptárase tanto a nomenclatura técnica da ferramenta/material como a súa denominación comercial.

Puntuarase cun máximo de 20 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 10 puntos.

Cuarto exercicio.- Coñecemento e destreza no manexo de ferramentas e/ou vehículos

Exercicio práctico de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Constará dunha ou varias probas prácticas establecidas polo tribunal para comprobar o coñecemento e destreza das persoas aspirantes no manexo de ferramentas e vehículos, o seu bo uso e a eficacia na execución, relacionadas no ANEXO III.

A ou as probas realizaranse no Parque de Bombeiros de Ferrol.

O tribunal, antes do inicio de cada exercicio, sinalará os tempos para realización de cada unha das probas propostas.

A puntuación máxima será de 20 puntos, que se dividirá entre o número de probas que estableza o tribunal. **En calquera dos casos será necesario obter un mínimo de 10 puntos.**

PROBA DE LINGUA.- Coñecemento de lingua galega

Consistirá en traducir, do castelán ao galego, un texto sinalado polo tribunal nun tempo máximo de 20 minutos. O exercicio cualificarase en **APTO/NON APTO**. A cualificación como NON APTO supón a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

Quedarán exentas da proba de galego todas aquelas persoas que acrediten estar en posesión do certificado de galego CELGA III homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

PROBA MÉDICA.- Recoñecemento médico

As persoas aspirantes, unha vez rematados todos os exercicio, deberán superar un recoñecemento medico en base ao cadro de exclusión do ANEXO IV.

A proba cualificarase de **APTO/NON APTO**, a non superación desta proba supoñerá a exclusión no proceso selectivo.

9.3.- FASE DE CONCURSO

A fase de concurso, que será posterior á fase de oposición, non terá carácter eliminatoria e non poderá terse en conta para superar a fase de oposición. Terá unha puntuación máxima de 40 puntos e constitúe o 40 % da nota final.

Consistirá na valoración, polo tribunal, dos méritos acreditados polos/as aspirantes segundo o baremo establecido.

1º.- SERVICIOS PRESTADOS. Máximo 30 puntos

Valorarase a experiencia profesional nos últimos 10 anos:

- Por cada mes de servizo prestado, no posto de traballo correspondente á praza obxecto da presente convocatoria, como funcionario **en parque de bombeiros dunha Administración Pública**, xustificadas mediante certificación da entidade pública onde se prestasen os servizos: **0,25 puntos/mes completo ou fracción superior a 15 días.**

- Por cada mes de servizo prestado, no posto de traballo correspondente á praza obxecto da presente convocatoria, como funcionario nunha **Administración Pública sen que teña a consideración formal de parque de bombeiros**, xustificadas mediante certificación da entidade pública onde se prestasen os servizos: 0,10 puntos/mes completo ou fracción superior a 15 días.

- Por cada mes de servizo prestado, no posto de traballo correspondente á praza obxecto da presente convocatoria, en **centros, entidades ou empresas públicas**, xustificadas mediante copia cotexada do contrato de traballo e orixinal do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social: 0,05 puntos/mes completo ou fracción superior a 15 días.

- Por cada mes de servizo prestado, no posto de traballo correspondente á praza obxecto da presente convocatoria, en **centros, entidades ou empresas privadas**, xustificadas mediante copia cotexada do contrato de traballo e orixinal do informe

de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social: 0,01 puntos/mes completo ou fracción superior a 15 días.

Serán méritos puntuables en cada aspirante os contraídos ata o día da publicación do anuncio da convocatoria no BOP

2º.- CURSOS DE FORMACIÓN OU PERFECCIONAMENTO. Máximo 4 puntos

Valorarase a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento, que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do corpo, escala e subescala ou categoría profesional das prazas que se convocan, que sexan impartidos por administracións públicas ou homologados por elas, entendendo por administracións públicas as territoriais (estado, comunidade autónoma, provincia, municipio...), as que teñan competencias en materia educativa e teñan carácter público (universidades públicas), e igualmente os cursos de formación impartidos por organizacións sindicais ou confederacións empresariais no marco dos plans de formación continua nas Administracións Públicas:

- Cursos/ accións formativas de entre 20 e 39 horas: 0,40 puntos
- Cursos/ accións formativas de entre 40 e 59 horas: 0,80 puntos
- Cursos/ accións formativas de entre 60 e 79 horas: 1,20 puntos
- Cursos/ accións formativas de entre 80 e 100 horas: 1,60 puntos
- Cursos/ accións formativas de entre 101 e 200 horas: 2,00 puntos
- Cursos/ accións formativas de entre 201 e 300 horas: 2,50 puntos
- Cursos/ accións formativas de mais de 300 horas: 3,00 puntos

Os documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar a duración en horas e, con suficiente claridade, o seu contido básico para que poidan ser valorados.

Nos diplomas, certificados ou documentos acreditativos da realización dos cursos/accións formativas deberán constar a data de realización dos mesmos, a súa duración (en horas), así como o seu obxecto, con indicación de temario/materias impartidos (agás en supostos de cursos monográficos); de non figurar/acreditarse ditos extremos non se valorarán.

No caso de que a duración só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas.

3º.- FORMACIÓN ESPECÍFICA. Máximo 6 puntos

Valorarase estar en posesión de:

- Certificado formación CURSO RESCATE ACUÁTICO NIVEL II (mínimo 20 horas) expedido pola Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia - FESSGA – ou organismo equivalente- sobre técnicas de rescate en zonas de acantilados e rompentes, con moto acuático e rescate nocturno con embarcación neumática. **1,5 puntos.**

- Certificado formación TRABALLOS DE RESCATE EN ALTURA 1º NIVEL, ou equivalente, impartido por administracións públicas ou centros homologados por elas- cun mínimo de duración de 30 horas lectivas. **1,5 puntos.**

- Certificado de profesionalidade de Extinción de Incendios e Salvamento – código SEAD0111- expedido polo Servizo Público de Emprego Estatal ou pola Administración laboral competente das Comunidades Autónomas. **1,5 puntos.**

- Título de instrutor de SVB e DEA acreditado por algunha das entidades recoñecidas pola Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia – 061, entidade pública equivalente ou avalado polo Consello Europeo de RCP e homologado por ERC. **1,5 puntos**

DÉCIMA.- Cualificación do proceso selectivo

10.1.- Fase de Oposición

Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o Tribunal fará pública na páxina WEB municipal a relación de aspirantes presentados con indicación da cualificación obtida. Os aspirantes dispoñerán dun prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da cualificación provisional, para presentar reclamacións.

Resultas as reclamacións, ou transcorrido o prazo sen que foran presentadas, o tribunal fará pública na páxina WEB do Concello a relación de aspirantes que tiveran acadado o mínimo establecido para superalo, con indicación da puntuación obtida. Os/as aspirantes que non figuren na relación consideraranse esluídos.

A cualificación final da FASE DE OPOSICIÓN virá determinada pola suma total das puntuacións acadadas en ca un dos exercicios.

10.2.- Fase de Concurso

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio. A non presentación na instancia da relación dos méritos alegados, no prazo sinalado para a presentación de solicitudes, suporá a non valoración da persoa aspirante dos mesmos na fase de concurso.

A puntuación provisional da Fase de Concurso farase pública polo tribunal na páxina WEB municipal. Os/as aspirantes dispoñerán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da puntuación provisional, para presentar alegacións.

Resoltas as reclamacións, ou transcorrido o prazo sen que foran presentadas, o tribunal fará públicas na páxina WEB as puntuacións definitivas da FASE DE CONCURSO.

10.3.- Cualificación definitiva

A cualificación definitiva do proceso de selección estará determinada pola suma da cualificación final da fase de oposición e a puntuación definitiva obtida na Fase de Concurso.

No caso de producirse empates entenderase, en primeiro lugar, á maior puntuación obtida na Fase de Oposición, en segundo lugar, á maior puntuación obtida no apartado de servizos prestados e, en caso de persistir, á orde do sorteo das probas selectivas correspondentes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Proceso selectivo e presentación de documentación

Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública a relación de persoas aprobadas, por orde de puntuación final, no Taboleiro de Anuncios e na páxina WEB do Concello, simultaneamente dará traslado á Alcaldía que efectuará o nomeamento para os efectos de publicación no BOP

O tribunal non poderá propoñer o acceso á condición de funcionario dun número superior de aprobados ao de prazas convocadas.

Non obstante o anterior, sempre que o tribunal teña proposto o nomeamento de igual número de aspirantes que de prazas convocadas, e co fin de asegurar a súa cobertura, cando se produzan renuncias das e dos aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do Tribunal relación complementaria das e dos aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionario de carreira. Este requirimento poderá tamén facerse ao tribunal cando as e os aspirantes aprobados, dentro do prazo fixado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación establecida na devandita base ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, así como cando o aspirante non tomase posesión no período sinalado por causas a el imputables, e salvo causa de forza maior.

No prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte a aquel no que se publicou a relación de aprobados/as no BOP da Coruña, os/as opositores propostos deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Declaración de non estar separada ou separado mediante expediente disciplinario, do servizo das administracións públicas, nin inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- b) Declaración de non estar incurso/a en causa algunha de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.
- c) Título esixido para tomar parte nas probas selectivas para cubrir a correspondente praza.
- d) Documentos orixinais dos presentados para a avaliación na fase de concurso, agás que xa foran presentados orixinais ou cotexados.

Os que tivesen a condición de funcionarios/as de carreira estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración pública da que dependesen para acreditar tal condición.

No caso de ser nacionais de estados membros da Unión Europea, presentarán ademais a documentación correspondente.

DÉCIMO SEGUNDA.- Toma de posesión

Cumpridos os requisitos precedentes por parte da Alcaldía nomearase as/os aspirantes propostos, que deberán tomar posesión no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da publicación da resolución de nomeamento no BOP

No caso de que a persoa aspirante non tomase posesión ou non formalizase o contrato no período sinalado, salvo causa de forza maior, perderá todos os dereitos derivados de participación no procedemento selectivo e do nomeamento outorgado á súa persoa.

DÉCIMO TERCEIRA.- Norma final

A presente convocatoria e os actos administrativos derivados dela, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXOS CONVOCATORIA CONCURSO OPOSICIÓN 12 PRAZAS DE BOMBEIRO CONDUTOR**ANEXO I****TEMARIO**

TEMA 1.- Constitución Española: Estructura, TÍTULO PELIMINAR e TÍTULO I: Capítulos I e II.

TEMA 2.- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do estatuto de Autonomía de Galicia: Estructura e articulado.

TEMA 3.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local: TÍTULO I: Disposicións Xerais. TÍTULO II: O municipio.

TEMA 4.- Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. TÍTULO II: As condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega.

TEMA 5.- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. TÍTULO VI: Dereitos e deberes individuais dos empregados públicos.

TEMA 6.- Cambios de estados da materia: sólido, líquido e gas. Calor e temperatura: Diferenzas.

TEMA 7.- Natureza do lume: definición. Propagación do calor. Clases de lumes. Elementos do lume.

TEMA 8.- Tipos de combustión. Tipos de combustibles. Productos para a combustión. Velocidade de propagación. Límites de inflamabilidade. Rango de inflamabilidade. Punto de inflamación.

TEMA 9.- Estructura dos edificios. Elementos estruturais e non estruturais dun edificio.

TEMA 10.- Axentes extintores. Tipos de extinción. Augas: usos, características extintoras e aplicacións. Espuma: características extintoras e aplicacións. Po químico seco: características e aplicacións. Anhídrido carbónico: aplicacións.

TEMA 11.- Extintores: definición. Carga. Eficacia. Clasificación. Componentes.

TEMA 12.- Mangueras: clases e tipos. Manobras para a instalación de mangueras. pezas de conexión: racores, bifurcacións e reducións, lanzas. Equipos de espuma e o seu emprego.

TEMA 13.- Equipos de protección individual. Protección para a cabeza, corpo e extremidades. Características e recomendacións de uso.

TEMA 14.- Equipos de protección respiratoria (EPRs). Clasificación, componentes, consumo do ERA. Mantemento e conservación do EPRs.

TEMA 15.- Accidentes de tráfico. Equipos e ferramentas de excarceración. Técnicas de excarceración. Tácticas segundo a situación do vehículo: extracción lateral, polo teito e pola parte traseira.

TEMA 16.- Primeiros auxilios: Principios actuación sanitaria en primeiros auxilios. Técnicas básicas de primeiros auxilios para bombeiros.

TEMA 17.- Vehículos de loita contra incendios: Clasificación de vehículos contra incendios e salvamentos. Accesorios, equipamento e ferramentas.

TEMA 18.- Equipos de detección e medición: detectores de gas, visores térmicos, manómetros. Equipos de iluminación. Material para achiques: Motobomba, turbobomba, electrobomba.

TEMA 19.- Ordenanza fiscal núm. 8, reguladora da taxa polos servizos prestados polo parque municipal de bombeiros.

TEMA 20.- Plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA). CAPÍTULO I: Definición, obxectivos e marco legal.

ANEXO II**PROBAS FÍSICAS****1.- Press de banca**

Finalidade: Extensións (codo) para medir a potencia dos músculos pectorales.

Descrición: Sobre o banco en decúbito supino, agarre dígito palmar un pouco máis aberto da anchura dos ombreiros sobre a barra.

- Posición inicial: Flexión ombreiros (90 °). Extensión do cóbado

- Posición final: Abducción músculos flexores do cóbado

O/a aspirante levantará un peso de 40 quilogramos homes e 35 quilogramos mulleres, realizándo as extensións sucesivas e sen interrupción durante un período de 45 segundos. As repeticións mínimas para ser considerado/a APTO/A serán de 20 para homes e 15 para mulleres.

- As extensións do cúbado deben ser completas (máxima amplitude dependendo do suxeito), sendo o movemento do percorrido dos brazos perpendicular (90º) respecto ao corpo.

- Así mesmo, cando se efectúe flexión do cúbado, a barra deberá tocar o peito.

- O incumprimento destas consideracións invalidará a flexión realizada.

- A posición dos pés, na primeira arrancada, non prodrá variarse durante rodo o tempo de execución do exercicio.

2.- Dominadas en escala

2. A) HOMES: Dominadas en escala

Finalidade: Flexións de cúbado para medir a potencia dos músculos dorsais.

Descrición: Suspendido no bordo lateral da escala con agarre díxito- palmar cara á fronte un pouco máis aberto da anchura dos ombreiros.

- Posición inicial: Flexión de ombreiros (180 °) Extensión do cúbado.

- Posición final: Abdución de ombreiros. Flexión do cúbado, posición de referencia con flexión de xeonllos.

Contaranse o número de esforzos en flexión ou en número de veces que pase o queixo sobre o bordo lateral da escala na súa parte superior sen límite de tempo, Non estará permitido o abalo do corpo, tendo que realizar un mínimo de 8 repeticións para ser considerado APTO.

Serán invalidadas as flexións que:

- non se inicien coa extensión total dos brazos, como en posición de arrancada.

- o queixo non exceda o plano horizontal que forman os dous traveseiros da parte superior da escala.

2.B) MULLERES: SUSPENSIÓN EN BARRA

Finalidade: suspensión en barra con brazos flexionados para medir a forza e resistencia de dorsal ancho, antebrazos, bíceps e tríceps.

Descrición: O exercicio consiste en quedar o maior tempo posible na posición inicial que se describe. Hai que manterse suspendida un mínimo de 45 seg. para ser considerada APTA.

Posición inicial: posición de suspensión con agarre supino (palmas hacia atrás), brazos flexionados, queixo por riba da barra, pernas completamente extendidas e sen tocar o chan, a opositora deberá manterse o maior tempo posible.(Hai una cadeira ou escaleira para subir).

Posición final: A mesma que a inicial.

Se da por finalizado o exercicio cando:

- O queixo se sitúe por debaixo de la barra ou se teña contacto con ela.

- Se balanceen o corpo

- As pernas non permanezan estiradas

3.- Carreira de 800 metros

Finalidade: Resistencia muscular.

Descrición: Percorrer a distancia de 800 metros en pista, rúa libre, nun tempo máximo de 4 minutos homes e 4 minutos e 40 segundos mulleres para ser considerado/a APTO/A.

Invalidacións: De acordo co regulamento da IAAF (Asociación internacional de Federacións de Atletismo)

4.- Natación (50 metros estilo libre)

Finalidade: Soltura acuática, natación elemental.

Descrición: A persoa aspirante situarase ao bordo da piscina ou ben dentro dela; ao sinal de saída percorrerá a distancia de 50 metros sen apoiarse no chan, nin agarrarse en parte algunha, nun tempo máximo de 50 segundos homes e 60 segundos mulleres para ser considerada APTA.

Invalidacións: Cando o/a aspirante apoie os pés no fondo da piscina ou se agarre á parede para descansar ou tomar alento.

5.- Salto vertical

Finalidade: Medir a potencia extensora do tren inferior.

Descrición: Este exercicio realizarase cun salto sobre táboa graduada

A persoa aspirante colocarse de costado á beira dunha parede graduada en centímetros, en posición de firmes levantando o brazo máis próximo á parede, mantendo os ombreiros no mesmo plano horizontal e marcará a altura á que chega co extremo dos dedos.

Realizará, mediante flexión de pernas, un salto vertical, sinalando coa súa man a nova altura alcanzada, a marca rexistrada nesta proba será a diferenza en centímetros entre a altura conseguida polo salto e a tomada en primeiro lugar.

A marca mínima será de 35 centímetros homes e 30 centímetros mulleres para ser considerado/a APTO/A .

Permitirase levantar os talóns e o ballesteo de pernas, a condición de que non haxa desprazamento ou se perda totalmente o contacto co chan dun dos pés.

Permitiranse nesta proba 3 intentos

ANEXO III

MANEXO DE FERRAMENTAS E/OU VEHICULOS

1.- Condución e manobra dun vehículo camión do servizo de extinción de incendios do Concello de Ferrol.

2.- Ascenso AEA. Subir a 30 m de altitude cunha inclinación de 65° sobre a AEA do servizo.

3.- Proba de reacción ante espazos pechados e coa visión anulada. Coa visión anulada introducirse nun espazo reducido que debe circundar co apoio das mans e pés. Avaliarase a capacidade ou incapacidade, medo irracional e irreprimible aos espazos pechados, claustrofobia, orientación. Para a realización do exercicio amosarase con anterioridade o percorrido a realizar.

4.- Descolgue con ID dende altura. A persoa aspirante deberá asegurarse e ,cando reciba o aviso do tribunal, procederá a baixar dende unha altura fixada polo tribunal, e igual para todos os aspirantes, ata baixar e tocar cos dous pes no chan.

5.- Procedemento de acuación para a recarga de botellas de equipos de respiración autónomos con compresor.

6.- Manexo de amoladora: Consistirá en realizar un corte nunha peza non superior a 50 cm de longo, e un máximo de 5 cm de espesor utilizando para iso unha radial eléctrica. O/a aspirante terá que realizar todas as operacións necesarias para poñer en funcionamento a ferramenta e o súa posterior corte.

7.- Manexo da motosierra: Comprobación de niveis e reposición. Revisión, tensado e afiado de cadea se procede. Corte transversal en taboleiro.

8.- Tendido de mangas: trátase de realizar un tendido básico, no que cada elemento quedará no lugar sinalado polo tribunal.

ANEXO IV

EXCLUSIÓNS MÉDICAS

1. Obesidade-delgadeza

Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o servizo das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresado en metros.

2. Oftalmoloxía

1. Diminución da agudeza visual inferiores a 1/3 no ollo mellor e 1/4 no ollo peor sen lentes correctoras.

· Patoloxía que, a xuízo do tribunal, poida alterar o desenvolvemento da función da profesión ou agravarse con ela, entre elas:

- Retinopatía (admítese a coriorretinite central serosa)
- Retinose pigmentaria.
- Hemeralopía

- Hemianopsia.
- Diplopia.
- Discromatopsias importantes, que poidan alterar o desenvolvemento da función a xuízo do tribunal.
- Glaucoma.
- Afaquias,pseudoafaquias.
- Subluxación do cristalino.
- Distrofia corneal progresiva ou con diminución da agudeza visual inferior á permitida. Queratite crónica.
- Alteracións oculomotoras importantes.
- Dacriocistite crónica.
- Pálpebras: calquera patoloxía ou defecto que impida a protección do ollo á intemperie. Tumores oculares.
- Amputación importante do campo visual en ambos os ollos.

3. Otorrinolaringoloxía

- Non se admitirá audiófono.
- A agudeza auditiva conversacional admitindo perdas de entre 1000 e 3000 hertzios a 35 decibeis ou de 4000 hertzios a 45 decibeis.
- Vertixe
- Dificultades importantes da fonación.
- Perforación timpánica.

4. Aparato locomotor

Alteracións do aparato locomotor que limiten ou dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro ou que poidan agravarse a xuízo do tribunal médico, co desempeño do posto de traballo (patoloxía ósea de extremidades, retraccións ou limitacións funcionais de causa muscular ou articular, defectos de columna vertebral e outros procesos óseos, musculares ou articulares.

5. Aparato dixestivo

- Cirrose.
- Hepatopatías crónicas.
- Pancreatite crónica.
- Ulcera sanguenta recidivante.
- Calquera patoloxía do aparato dixestivo ou intervencións cirúrxicas que presenten secuelas funcionais con repercusións orgánicas e que incidan negativamente no desempeño do seu traballo.
- Hepatopatías agudas con repercusión encimática importante.

6. Aparato cardiovascular

- Hipertensión arterial maior de 155/95 mmHg
- Insuficiencia cardíaca.
- Infarto de miocardio, nin sufrilo anteriormente.
- Coronariopatías.
- Arritmias importantes con repercusión hemodinámica.
- Taquicardia sinusal permanente de máis de 120 latexos por minuto.
- Flutter - Fibrilación.
- Síndromes de preexcitación.
- Bloqueo aurículo Ventricular de 2º ou 3º grao.
- Extrasístoles patolóxicas.

- Valvulopatías. Non se admitirán próteses valvulares.
- Aneurismas cardíacos ou de grandes vasos. Insuficiencia arterial periférica. Insuficiencia venosa periférica que produza signos de estase ou alteracións tróficas varicosas ou calquera tipo de alteración vascular periférica aínda sen cursar sintomatoloxía. Secuelas postromboembólicas.
- Defectos e deformacións dos dedos e/ou mans producidos por problemas de circulación, que sexan sintomáticos ou dificulten a realización satisfactoria dos traballos propios da profesión.

7. Aparato respiratorio

- Insuficiencia respiratoria.
- Diminución do VEMS por debaixo do 80%.
- EPOC - Asma bronquial.
- Atelectasia.
- Enfisema.
- Neumotorax recidivante.
- Outros procesos respiratorios que incidan negativamente nas prácticas físicas a realizar e nas tarefas específicas da profesión.

8. Sistema nervioso central

- Párkinson, corea ou balismo.
- Epilepsia.
- Esclerose múltiple.
- Ataxia.
- Arteriosclerose cerebral sintomática.
- Vertixe de orixe central.
- Alteracións psiquiátricas de base.
- Calquera grao de hiposmia.

9. Pel

Cicatrices que produzan limitación funcional importante, e aqueles procesos patolóxicos que, a xuízo do tribunal, limiten ou se agraven co desempeño da función propia da praza.

10. Outros procesos patolóxicos que impiden o normal desenvolvemento da función da profesión

- Enfermidade de Cushing.
- Enfermidade de Addison.
- Insuficiencia renal crónica.
- Falta dun ril.
- Enfermidades renais evolutivas.
- Hemopatías crónicas graves.
- Probas analíticas compatibles con patoloxía de base.
- Tumores malignos invalidantes.
- Tuberculose.
- Hernia inguinal.
- Análise de ouriños: albuminuria e/ou cilindruria importantes.

11. Alcoholismo ou drogodependencias ou outras alteracións que poidan interferir coa actividade profesional.

12. Calquera outro proceso patolóxico que a xuízo do tribunal médico dificulte ou impida o desenvolvemento das funcións do posto a ocupar.“

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 26 de novembro de 2020.

A concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi.

María Teresa Deus Trasobares

2020/8965